

**Máximo órgano de decisión da cooperativa****A ASEMBLEA XERAL DE EROSKI DECIDE DESTINAR A TOTALIDADE DOS SEUS EXCEDENTES NETOS DO 2023 A FORTALECER O SEU PATRIMONIO**

- **A Asemblea Xeral de delegados convocou a 250 Socios Traballadores e a 250 Socios Consumidores**

**Barakaldo, 30 de maio do 2024.-** [EROSKI](#) celebrou esta tarde a súa Asemblea Xeral Ordinaria anual de delegados en Barakaldo (Biscaia), á que estaban convocadas 500 persoas socias representantes dos seus colectivos de Socios Traballadores e Socios Consumidores. As socias e socios presentes aprobaron as contas anuais individuais da cooperativa e mais as consolidadas do grupo EROSKI, así como o informe de xestión do exercicio 2023. Ademais, acordaron tamén destinar a reservas os 70,4 millóns de euros de excedentes netos dos resultados positivos do exercicio 2023.

Durante a súa intervención, a CEO do grupo EROSKI, Rosa Carabel, salientou o “*desempeño extraordinario da organización durante o 2023*”, valoración que compartiron as persoas socias traballadoras e consumidoras integrantes da Asemblea Xeral. Carabel repasou os indicadores positivos cos que pecharon o pasado exercicio, no que “*aumentaron as vendas, o ebitda, o resultado ordinario e mais o beneficio*”, e todo iso nun contexto económico complexo no que a inflación e o seu efecto nos fogares obrigou a EROSKI a redefinir as súas estratexias para lles poder dar unha resposta adecuada aos desafíos económicos actuais. Para iso, “*os esforzos en eficiencia foron fundamentais*”. A CEO de EROSKI puxo tamén en valor “*a consolidación da situación financeira da cooperativa tras a exitosa emisión de bonos de finais do 2023*”. Ademais, agradeceulle ás persoas socias “*o seu esforzo e espírito cooperativo*” e animounas a “*se sentiren orgullosas e orgullosos polo acadado*”.

Doutra banda, repasou os logros obtidos para fortalecer e aumentar a confianza das persoas consumidoras “*cunha proposta diferencial pola alimentación saudable, o produto local, a atención personalizada e o aforro, sen esquecer a innovación e a responsabilidade social*”. Carabel detallou tamén os principais puntos do plan estratéxico que vai guiar a organización durante os vindeiros 3 anos: “*Un plan que actualiza a nosa misión e a nosa visión por un futuro próspero e sostible, combinando o foco na xeración de resultados empresariais coa creación de riqueza na nosa contorna, o fomento dunha alimentación*

**EROSKI**

Dirección de Comunicación  
Corporativa  
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

**[Sala de prensa online](#)**

*saudable e a satisfacción plena das persoas consumidoras e das persoas traballadoras, que son fundamentalmente mulleres.”*

Este plan declínase en once iniciativas estratéxicas que poñen o foco para o próximo período nos bos prezos, nunha oferta de calidade, na experiencia do cliente, no crecemento a través de máis superficie de sala de venda, nas persoas, a tecnoloxía e a comunicación.

### **Emisión de notas provisorias como financiamento complementario**

O máximo órgano de decisión da cooperativa autorizou tamén o rexistro no Mercado Alternativo de Renda Fixa (MARF) dun programa de notas provisorias por un importe nominal máximo de 100 millóns de euros e EROSKI Sociedade Cooperativa de emisor. EROSKI continúa a avanzar na súa folla de ruta co obxectivo de continuar a reducir o seu endebedamento. *“Trátase dun instrumento financeiro de curto prazo, utilizado por un abano moi amplo e diverso de empresas, para dotar a sociedade de financiamento complementario ao bancario para o desenvolvemento do negocio, ao que agora podemos ter acceso pola confianza que os mercados depositan en nós”,* explicou a CEO do grupo.

### **Amplo proceso participativo previo**

A Asemblea culmina un amplo proceso de participación previa dos Socios Traballadores e dos Socios Consumidores de EROSKI, que suma 43 xuntas preparatorias presenciais e con conexións dixitais.

A presidenta do Consello Reitor de EROSKI, Leire Mugerza, puxo en valor *“o compromiso, a cooperación e a unidade de todo o colectivo social, porque o seu traballo, dedicación e esforzo permitiron transformar EROSKI, fortalecese e ollar o futuro con optimismo, fieis á nosa misión e visión como cooperativa de consumo, un modelo socio-empresarial único”*. Tamén se referiu ao novo Plan Estratéxico 2024-2026, do que destacou que *“mantén e reafirma de xeito rotundo as nosas raíces, o noso ADN, os nosos valores e, por suposto, o noso propósito”*.

### **Sobre EROSKI**

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e un dos líderes do norte do mercado español – desde Galicia a Baleares – cunha cota de mercado do 12,8 % nesta zona, e é líder no País Vasco, Navarra, e Galicia e colíder en Baleares. A súa rede comercial, a peche do 2023, elévase a 1.533 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña, amais de gasolineiras, tendas de deporte e outros negocios non alimentarios. Ademais, conta tamén con máis de 6,4 millóns

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa      Tel: 946 211 214  
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



de Socios Clientes e con máis de 27.400 persoas socias cooperativistas e traballadoras, das cales preto de 9.000 son socios propietarios, aos que cómpre sumar o colectivo de persoas traballadoras das máis de 620 tendas franquizadas.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa      Tel: 946 211 214  
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)